



Excmo. Concello de Mondoñedo

Praza do Concello, 1, c.p. 27740

Tlf.: 982524003-Fax: 982507421- email: concellomondonedo@gmail.com

Paxina Web: www.concellomondonedo.es

II CONCURSO DE ORNAMENTACIÓN DE BALCÓNS E FACHADAS DA CIDADE DE MONDOÑEDO

“FLOREA O TEU BALCÓN”

BASES:

1. Mediante este concurso pretendese poñer en valor os balcóns como elementos vivos e decorativos da nosa cidade, porque detrás de cada balcón ornamentado existe unha moi importante contribución cidadá á mellora estética do noso casco urbano, que cobra importancia especialmente coa chegada da primavera e verán.
2. Poderán participar todos aqueles particulares que dispoñan de balcóns ou ventás que reúnan as condicións mínimas necesarias para ser decorados ornamentalmente con flores e plantas.
3. O alcance do concurso será todo o casco urbano da cidade de Mondoñedo, incluíndo casco histórico e os barrios tradicionais de Os Muíños, Os Remedios e San Lázaro.
4. As inscricións poderanse facer de dúas maneiras: a través do correo electrónico concursodebalcones@gmail.com ou no portelo de atención ao público da Casa do Concello de Mondoñedo, dende o 17 de abril ata o 31 de maio de 2017, no que se deberá indicar o nome, apelidos e DNI do participante, xunto ao enderezo do balcón.
5. O concurso prolongarase durante toda a primavera e verán, ata finais de agosto, período durante o cal o Xurado realizará visitas periódicas valorando entre outros aspectos:
 - O estado de conservación e mantemento semanal dos balcóns inscritos a concurso.



Excmo. Concello de Mondoñedo

Praza do Concello, 1, c.p. 27740

Tlf.: 982524003-Fax: 982507421- email: concellomondonedo@gmail.com

Paxina Web: www.concellomondonedo.es

- A orixinalidade na ornamentación.
- A variedade, cantidade e calidade florística.
- O adecentamento da fachada e o resultado global.
- A colocación de elementos accesorios tales coma xardiñeiras, colgantes, etc.
- O inxenio ou capacidade para acadar unha decoración óptima en vivendas que carezan de balcóns ou que, a priori, non reúnan as mellores condicións para participar no concurso.

6. O Xurado cualificador estará integrado por:

- Profesores e alumnos do módulo de xardinería do IES San Rosendo.
- Membros da área de Turismo da Mancomunidade de A Mariña.
- Un representante da área provincial da Axencia de Turismo de Galicia, da Xunta de Galicia.
- Membros da oficina de rehabilitación do Concello de Mondoñedo.

7. O Xurado cualificador fará público o resultado do concurso durante a primeira semana do mes de setembro.

8. O Concello de Mondoñedo establece **seis premios** dotados coa seguinte contía económica:

- Primeiro premio: 250 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.
- Segundo premio: 200 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.
- Terceiro premio: 150 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.



Excmo. Concello de Mondoñedo

Praza do Concello, 1, c.p. 27740

Tlf.: 982524003-Fax: 982507421- email: concellomondonedo@gmail.com

Paxina Web: www.concellomondonedo.es

- Cuarto premio: 100 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.
- Quinto premio: 75 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.
- Sexto premio: 50 € e diploma acreditativo para colocar xunto ao balcón galardoado.

9. Os premios se entregarán no Salón de Plenos do Excmo. Concello de Mondoñedo nunha data a concretar a principios de setembro.

10. O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación de todas e cada unha das bases, podendo quedar descualificados os que inclúan elementos obscenos ou que firan a sensibilidade do pobo.